

Compostela, 4-IX-61

Querido Luis:

Chegamos hai dous días de Asturias, pois Isabel é de Xixón e sempre pasamos ali parte das vacacións. O mes de agosto repartiámolo entre Coruxo, Láncara, Xixón e Castropol. Por eso non puiden recibir e atender ó teu amigo Jacobo Kogan, que veu a Compostela coincidindo coa nosa ausencia. Parou igual con Camilo, o director de "Insula", e con un profesor brasileiro. Sinto de veras non lle ter podido mostrar Compostela ó profesor Kogan. Todos os anos nos ocorre o mesmo, por ser o mes de agosto de moita afluencia de forasteiros.

O de Aquilino foi abraiante. El sentíase algo froxo de saúde, pro era delido á súa vella e descoidada diabetes. Aquiles días andivo normalmente con uns i outros. O mesmo día que morreu fixo vida normal e tiña un taxi agardando pra saír de viaxe cando se sentiu mal. Un súbito infarto de miocardio estranguloulle o folgo en poucos minutos. Eiquí tiño resaca a súa morte e deu xente de toda Galicia ó enterro. Eu estaba en Vigo e vinen os Cunqueiro, o Pazo, o Ferreira e máis Alvaréz Blázquez. Pouquitos días antes estiveramos falando longamente no Instituto P. Sarmiento do seu dicionario e dos problemas ortográficos do

galegos. Zamién falamos de sua saúde, pois non lle votei desalento. Pote contra mostrábase disposto a se someter a un tratamento serio. E faloume dunha idea que il tiña pois faceremos unha excursión de varios días por Galicia. Foi unha pena que morrese tan prematuramente. Aínda tiña moito que facer na nosa cultura.

Dixéronme que estivo por aquí Rafael Dieste e que marchou a Extremadura e Madrid. Zamién tin un xornal atrasado que se puxera "A Fiestra Valderrín" en Rianxo. E aquí, na Coruña e máis en Vidagoñe puxere "Os vellos non deben de namorarse". Acudiu moita xente nos tres sitios.

Moitas saúdes nosas a Marija e de Isabel pra ti. Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón